

Título	Data sinatura	Importe
Convenio entre a Consellería de Cultura e Deporte da Xunta de Galicia e o Concello de Ferrol para a integración na Rede de Bibliotecas de Galicia da Biblioteca Pública Municipal Central de Ferrol.	9-5-2008	0 €
Convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura e Deporte, a Federación Galega de Bádminton e o Concello da Estrada para posibilitar o financiamento do centro de tecnificación deportiva de bádminton a través de subvencións procedentes do Consello Superior de Deportes.	31-7-2008	0 €
Convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura e Deporte e a Federación Galega de Deportes de Inverno.	11-7-2008	20.500 €
Convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura e Deporte da Xunta de Galicia e o Concello de Valga para a posta en valor do seu patrimonio cultural.	20-5-2008	20.000 €
Convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura e Deporte da Xunta de Galicia e o Concello de Cuntis para tarefas de posta en valor e difusión do xacemento arqueolóxico de Castrolandín.	20-5-2008	15.000 €
Convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura e Deporte da Xunta de Galicia e o Concello de Laxe para a dotación de equipamento para o seu arquivo municipal.	26-5-2008	35.000 €
Convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura e Deporte da Xunta de Galicia e a <i>Asociación Cultural Libre de Paderne Roxón Roxal</i> para o desenvolvemento do proxecto de prospección arqueolóxica da antiga rede viaria das mariñas entre os ríos Eume e Mandeo.	6-6-2008	17.700 €
Convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura e Deporte da Xunta de Galicia e o Concello de Ortigueira para tarefas de difusión e posta en valor do xacemento arqueolóxico de Punta dos Prados.	26-5-2008	10.000 €
Convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura e Deporte da Xunta de Galicia e o Concello de Monforte de Lemos para tarefas de difusión e posta en valor do patrimonio arqueolóxico do concello.	26-5-2008	18.000 €
Convenio de cooperación cultural entre a Xunta de Galicia e o Concello de Ferrol para a realización do Festival Internacional de Piano e do Premio Esquíu de Poesía.	20-6-2008	39.000 €
Convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura e Deporte da Xunta de Galicia e a Deputación Provincial de Pontevedra para a realización de investimentos destinados á actualización, revisión, difusión e informatización de arquivos municipais da provincia de Pontevedra.	4-6-2008	64.000 €
Convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura e Deporte da Xunta de Galicia e a Diocese de Mondoñedo-Ferrol para a dotación de medios técnicos para o arquivo diocesano de Mondoñedo.	4-6-2008	15.000 €
Convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura e Deporte da Xunta de Galicia e o Concello de Allariz para a dotación dun sistema de climatización para o edificio que alberga o Museo Iconográfico Aser Seara.	4-7-2008	35.861 €
Convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura e Deporte da Xunta de Galicia e a <i>Fundación Aquae Querquennae Vía Nova</i> para a realización dun proxecto expositivo permanente do Centro de Interpretación Aquis Querquennis.	6-6-2008	10.000 €
Convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura e Deporte da Xunta de Galicia e o Bispoado de Tui-Vigo para a realización de obras e dotación de medios no museo Diocesano de Tui.	6-6-2008	16.283 €
Convenio de cooperación cultural entre a Xunta de Galicia e o Concello de Carballo para a realización do Festival Internacional de Teatro de Outono.	9-7-2008	18.000 €
Convenio de cooperación cultural entre a Consellería de Cultura e Deporte e o Concello de Cangas para a realización da Mostra de Teatro.	30-6-2008	30.000 €
Convenio de colaboración entre a Xunta de Galicia e o Concello de Lalín para a realización do Festival de Titirídez de Teatro.	7-7-2008	6.000 €
Convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura e Deporte e a Federación Galega de Motociclismo.	11-7-2008	60.000 €
Convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura e Deporte e a Federación Galega de Golf.	11-7-2008	70.000 €
Convenio de colaboración cultural entre a Xunta de Galicia e a Federación Coral Galega para a realización de cursos para coralistas, directores de corais, publicacións e outros gastos de funcionamento.	22-7-2008	0 €
Convenio de colaboración cultural entre a Xunta de Galicia e a Federación Galega de Teatro afeccionado, para a realización de cursos formativos, xornadas de teatro e festivais teatrais.	22-7-2008	30.000 €
Convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura e Deporte da Xunta de Galicia e o Concello de Moaña para a dotación de equipamento para o seu arquivo municipal.	18-7-2008	3.455 €
Convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura e Deporte da Xunta de Galicia e o Concello de Vilardevós para a dotación de equipamentos para o seu arquivo municipal.	18-7-2008	19.000 €
Convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura e Deporte da Xunta de Galicia e o Concello de Ramirás para a dotación de equipamento para o seu arquivo municipal.	18-7-2008	12.000 €
Convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura e Deporte da Xunta de Galicia e o Círculo das Artes de Lugo para a restauración do Cubo XXXVIII, incluída a escaleira interior, reforma da fachada sur do Círculo das Artes, galería histórica e demolición das plataformas da zona intermedia, na Muralla Romana.	24-7-2008	206.000 €
Convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura e Deporte da Xunta de Galicia e o Concello de Cualedro para a dotación de equipamento para o seu arquivo municipal.	18-7-2008	3.455 €
Convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura e Deporte da Xunta de Galicia e a <i>Fundación Otero Pedrayo</i> para a realización de investimentos na casa museo Otero Pedrayo	18-7-2008	40.000 €
Convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura e Deporte da Xunta de Galicia e a <i>Fundación Luis Seoane</i> para a realización de actividades didácticas e de difusión.	18-7-2008	100.000 €
Convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura e Deporte da Xunta de Galicia e o Concello de Ferrol para dixitalización e restauración de fondos documentais e dotación de equipamento para o seu arquivo municipal.	7-8-2008	35.000 €

Título	Data sinatura	Importe
Convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura e Deporte da Xunta de Galicia e a <i>Asociación Nova Escola Galega</i> para a itinerancia da Exposición Actividades e recursos educativos dos museos de Galicia.	4-7-2008	10.000 €
Convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura e Deporte da Xunta de Galicia e o Concello de Padrenda para a dotación de equipamento para o seu arquivo municipal.	7-8-2008	3.600 €
Convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura e Deporte da Xunta de Galicia e o Concello de Salceda de Caselas para a dotación de equipamento para o seu arquivo municipal.	7-8-2008	35.000 €
Convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura e Deporte da Xunta de Galicia e o Concello de Cartelle para a dotación de equipamento para o seu arquivo municipal.	7-8-2008	40.000 €
Convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura e Deporte da Xunta de Galicia e a Real Academia Galega para o desenvolvemento dun proxecto de migración de fondos do seu arquivo histórico a unha nova aplicación informática.	4-6-2008	13.500 €

CONSELLERÍA DE PESCA E ASUNTOS MARÍTIMOS

Orde do 21 de outubro de 2008 pola que se convocan as axudas para a subscrición dun seguro de indemnización diaria en caso de paralización e perda da produción por condicións climatolóxicas adversas no sector pesqueiro e marisqueiro de Galicia.

A actividade pesqueira e marisqueira está sometida, no seu exercicio habitual, a que se dean as condicións climatolóxicas que permitan saír a faenar nos distintos caladoiros ou zonas de marisqueo, sen que supoña un risco para as tripulacións, traballadores e medios que se dedican a esta tarefa.

Galicia, pola súa situación xeográfica, ten un litoral que está sometido en determinados períodos anuais a episodios de condicións climatolóxicas que obrigan ao amarre da frota galega nos portos da nosa comunidade, sen posibilidade de que poidan saír durante varios días a faenar, o que supón unha situación de falta de ingresos nas economías dos profesionais que viven da explotación dos recursos que se atopan nun medio natural cambiante e adverso nestes casos.

Ante esta situación, e tamén como medida complementaria de seguranza marítima, favorecendo que as embarcacións non saian ao mar en circunstancias extremas ante a falta de ingresos, a Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos encomendou a realización dun estudo sobre a viabilidade dun seguro de indemnización diaria en caso de paralización e perda da produción por condicións climatolóxicas adversas no sector pesqueiro e marisqueiro de Galicia.

Como resultado dese estudo, convocouse un curso para a selección dunha entidade aseguradora que puidese ofertar este produto aos profesionais, como unha medida de carácter social que incidise directamente na seguranza marítima e na introdución da cultura do seguro no ámbito da pesca en Galicia.

Para promover a sinatura deste seguro a Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos procedeu á convocatoria de axudas dirixidas a subvencionar unha porcentaxe da prima que corresponde pagar a cada unidade produtiva.

Deste xeito, ditouse a Orde do 13 de setembro de 2007, co fin de establecer as bases reguladoras das axudas para que o sector pesqueiro e marisqueiro puidese subscribir un seguro de indemnización diaria en caso de paralización e perda da produción por condicións climatolóxicas adversas.

Manténdose as circunstancias que motivaron a referida orde, procede estender a súa acción protectora ao longo do exercicio do 2008, polo que de acordo con todo o exposto e con suxeición ao sinalado na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, esta orde establece as bases reguladoras das axudas para a subscripción dun seguro de indemnización diaria en caso de paralización e perda da produción por condicións climatolóxicas adversas no sector pesqueiro e marisqueiro de Galicia.

En consecuencia, facendo uso das facultades que me confire o artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa Presidencia,

DISPOÑO:

Artigo 1º.-*Obxecto.*

O obxecto desta orde é establecer as bases reguladoras da axuda dirixida a subvencionar a prima anual do seguro de indemnización diaria en caso de paralización e perda da produción por condicións climatolóxicas adversas no sector pesqueiro e marisqueiro de Galicia, así como a súa convocatoria para o ano 2008.

Artigo 2º.-*Réxime xurídico.*

Para o outorgamento e concesión das axudas reguladas nesta orde observárase o disposto nas seguintes normas:

- a) Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
- b) Texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, aprobado polo Decreto lexislativo 1/1999, do 7 de outubro.
- c) Preceptos básicos da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.
- d) Normativa comunitaria de aplicación ás axudas.

Artigo 3º.-*Beneficiarios.*

Poderán acceder ás axudas reguladas por esta orde os tomadores da póliza de seguro de indemnización diaria en caso de paralización e perda da produción por condicións climatolóxicas adversas no sector pesqueiro e marisqueiro de Galicia, que poderán ser as confrarías de pescadores, cooperativas do mar, organizacións de produción pesqueira (OPP) ou calquera outra entidade asociativa do sector (desde agora denominadas todas asociacións) con sede en Galicia, en nome dos seus membros ou asociados que faen exclusivamente en augas do seu litoral, ou lindes con Portugal e Cantábrico, e que se atopen comprendidos dentro do ámbito do seguro indicado.

Artigo 4º.-*Requisitos dos beneficiarios.*

Os beneficiarios deberán:

- a) Antes da fin do prazo indicado no artigo 8 desta orde, formalizar o seguro coa entidade asegurado-

ra seleccionada pola consellería a través do concurso convocado pola Orde do 6 de agosto de 2007 (DOG nº 155, do 10 de agosto), finalizado mediante Resolución do 12 de setembro de 2007 (DOG nº 182, do 19 de setembro), aseguradora que deberá asinar o correspondente convenio de colaboración.

- b) Acreditar, con anterioridade a dítase a proposta de resolución de concesión, que están ao día das súas obrigas tributarias estatais e autonómicas e da Seguridade Social, así como que non teñen pendente de pagamento ningunha outra débeda, por ningún concepto, coa Administración pública da comunidade autónoma.

- c) Non ser beneficiarios de ningunha outra axuda para a mesma finalidade.

- d) Non estar incursos en prohibición que lles impida ter a condición de beneficiarios de subvencións.

Artigo 5º.-*Contía das axudas.*

A contía das axudas consistirá nunha porcentaxe, nunca superior ao 70% da achega que deberá facer o asegurado para o pagamento da prima anual do seguro subscrito coa entidade aseguradora.

A contía das axudas está condicionada, en todo caso, á existencia de dispoñibilidades orzamentarias.

Artigo 6º.-*Dotación orzamentaria.*

As axudas concederanse con cargo aos créditos previstos na aplicación orzamentaria 14.01.723B.781.0, proxecto 2007 00573, consignada nos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma para o ano 2008, por importe de 758.100,00 euros.

Artigo 7º.-*Entidades colaboradoras.*

A entidade aseguradora a que se refire o artigo 4.a) desta orde ten a consideración de entidade colaboradora para os efectos previstos na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, polo que lle resultarán de aplicación os dereitos e as obrigas recollidas na citada norma legal aplicables ás referidas entidades. Para tal fin, deberá formalizar o correspondente convenio de colaboración.

Artigo 8º.-*Prazo de presentación de solicitudes.*

O prazo de presentación das solicitudes será dun (1) mes, contado desde o día seguinte ao da publicación desta orde no *Diario Oficial de Galicia*.

Artigo 9º.-*Solicitudes.*

1. As solicitudes presentaranse nas oficinas da entidade colaboradora, que comprobará que os solicitantes teñen asinado o seguro seleccionado e reúnen os requisitos para acceder a el.

2. As solicitudes formalizaranse nos impresos oficiais que se inclúen no anexo I desta orde e deberán acompañar os seguintes documentos:

- a) Copia cotexada do documento nacional de identidade da persoa asinante da solicitude.
- b) Copia cotexada da tarxeta de identificación fiscal da entidade asociativa do sector solicitante.
- c) Certificación do órgano competente da entidade asociativa en que se especifique o acordo polo que

se lle concede autorización para formalizar a solicitude ao asinante.

d) Declaración de non ser beneficiario de ningunha outra axuda para a mesma finalidade (anexo II).

e) Declaración responsable de non estar incurso en prohibición que lle impida ter a condición de beneficiario de subvencións (anexo III).

A non presentación dos documentos recollidos neste número 2 acompañando a solicitude será causa do seu arquivo por considerar que o solicitante desiste da súa solicitude ao non presentar esta documentación de carácter esencial.

3. De acordo co establecido no artigo 20.3º da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a presentación da solicitude de concesión da axuda comportará a autorización ao órgano xestor para solicitar as certificacións que deban emitir a Axencia Estatal de Administración Tributaria, a Tesouraría Xeral da Seguridade Social e a Consellería de Economía e Facenda da Xunta de Galicia, co fin de acreditar que o solicitante está ao día nas obrigas tributarias co Estado e a Comunidade Autónoma de Galicia e coa Seguridade Social e que non ten pendente de pagamento ningunha débeda, por ningún concepto, coa Administración pública da Comunidade Autónoma galega. Non obstante, o solicitante poderá denegar expresamente o consentimento, debendo presentar entón as certificacións. Igualmente, se por razóns técnicas ou doutra índole estes certificados non puidesen ser obtidos polo órgano xestor, poderán serlle requiridos á/ao interesada/o.

Artigo 10º.-*Órganos de xestión.*

A entidade colaboradora da Administración comprobará a situación de cada un dos solicitantes da axuda e asinantes do seguro ao abeiro do disposto nesta orde, revisará as solicitudes no momento da súa presentación e presentará, no rexistro xeral da Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos, antes do 5 de decembro de 2008, unha relación ordenada dos solicitantes, á cal acompañarán os expedientes individuais.

Artigo 11º.-*Emenda.*

1. Revisados os expedientes pola Secretaría Xeral da Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos, poderá reclamarse, no caso de documentación incompleta ou defectos desta, por escrito aos interesados, que nun prazo de dez (10) días remitan cantos datos, documentos complementarios e aclaracións se consideren necesarios para poder resolver o expediente, coa indicación de que, se así non o fixesen, se considerará que desistiron da súa petición, logo da resolución que deberá ser ditada nos termos previstos no artigo 42 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

2. Sen prexuízo do anterior, en calquera momento do procedemento, a entidade aseguradora ou a Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos poderá requirir aqueles datos ou documentos complementarios que resulten necesarios para a tramitación e adopción da resolución que proceda.

Artigo 12º.-*Procedemento de concesión e órgano avaliador.*

1. Polo obxecto e finalidade destas axudas, que se concederán, dentro dos límites orzamentarios, a todas/os as/os beneficiarias/os que reúnan os requisitos exixibles, non será necesario realizar nin comparación nin prelación das solicitudes presentadas, polo que neste procedemento non procede a concorrencia competitiva.

2. A concesión destas axudas tramitarase polo procedemento abreviado establecido no artigo 22 de Lei 9/2007, polo que non intervirá o órgano avaliador a que se refire a citada norma legal.

Artigo 13º.-*Resolución e aceptación.*

1. A resolución destas axudas correspóndelle á conselleira de Pesca e Asuntos Marítimos. Non obstante, de acordo co sinalado nos artigos 7.3º da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e 13 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, a resolución destas axudas queda delegada no secretario xeral da consellería.

2. A resolución de concesión da axuda, así como a súa notificación aos beneficiarios, realizaranse segundo o sinalado no título I da Lei 9/2007 citada.

3. O prazo máximo para a duración do procedemento será de 40 días, que se computarán conforme o sinalado no artigo 48 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, e a partir da presentación da solicitude nos lugares indicados no artigo 9.

4. A resolución notificaráselles aos interesados para que no prazo de 10 días comuniquen a súa aceptación ou o rexeitamento da axuda nas condicións expresadas nela. Transcorrido este prazo sen producirse manifestación expresa, entenderase tacitamente aceptada a axuda, segundo dispón o artigo 21.5º da Lei de subvencións de Galicia.

Artigo 14º.-*Recursos.*

As resolucións, expresas ou presuntas, que se diten ao abeiro desta orde porán fin á vía administrativa e contra elas poderase interpoñer recurso potestativo de reposición ante a conselleira de Pesca e Asuntos Marítimos, no prazo dun (1) mes, contado a partir do día seguinte ao da notificación, ou de tres (3) meses, contados a partir do día seguinte a aquel en que se produza o acto presunto, segundo os casos.

Así mesmo, tamén se poderá interpoñer directamente recurso contencioso-administrativo, ante os órganos desta xurisdición, no prazo de dous meses, contados desde o día seguinte ao da súa notificación, se é expresa, ou de seis meses, contados a partir do seguinte a aquel en que se produza o acto presunto. Todo iso sen prexuízo de que os interesados poidan exercer calquera outro que consideren procedente.

Artigo 15º.-*Xustificación e pagamento.*

1. Para proceder ao pagamento, a entidade aseguradora remitiralle á Consellería de Pesca e Asuntos

Marítimos, antes do 10 de decembro de 2008, a listaxe dos beneficiarios con certificación dos seguros subscritos e pagamentos realizados. Aos anteriores documentos uníranse as correspondentes certificacións de estar ao día no cumprimento das obrigas tributarias co Estado e coa Comunidade Autónoma de Galicia e coa Seguridade Social e de non ter débedas pendentes, por ningún concepto, coa Administración da comunidade autónoma.

2. A axuda da Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos aboaráselle dunha soa vez á entidade aseguradora e na contía que corresponda, segundo os seguros asinados, mediante transferencia.

Artigo 16º.-*Reintegro.*

1. Procederá o reintegro total ou parcial da subvención concedida, así como dos xuros de demora correspondentes desde o momento do pagamento da subvención ata a data en que se acorde a procedencia do reintegro, nos supostos establecidos no título II da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

2. Para o devandito procedemento de reintegro terase en conta o establecido no capítulo II do título II da Lei de subvencións de Galicia.

Disposicións adicionais

Primeira.

1. A Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos publicará no *Diario Oficial de Galicia* as axudas concedidas con suxeición a esta orde, indicando o programa e crédito orzamentario a que se imputan, beneficiario, cantidade concedida e finalidade da subvención.

2. Así mesmo, de conformidade co establecido no artigo 13, punto 4º da Lei 4/2006, do 30 de xuño, de transparencia e boas prácticas na Administración pública galega, a Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos publicará na súa páxina web oficial a relación de beneficiarios e o importe das axudas concedidas, polo que a presentación da solicitude leva implícita a autorización para o tratamento necesario dos datos dos beneficiarios e da súa publicación na citada páxina web.

Segunda.-A Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos, no correspondente convenio que deberá asinar a entidade colaboradora, achegará unha compensación económica polos gastos xerados no exercicio das funcións encomendadas e reguladas no referido convenio, que, en función das unidades adheridas, poderá ascender aos seguintes importes:

Unidades adheridas			Importe
1	A	800	62.000 €
801	A	1.600	165.000 €
1.601	A	2.400	268.000 €
2.401	A	3.200	372.000 €
3.201	A	4.000	475.000 €
4.001	A	4.800	578.000 €
4.801	A	5.188	622.000 €

A mencionada compensación farase efectiva logo de que a entidade colaboradora certifique o número de unidades adheridas ao seguro, segundo o indicado no artigo 15 desta orde; a entidade colaboradora deberá estar ao día das súas obrigas tributarias, sociais e non ter débedas coa Comunidade Autónoma de Galicia.

A cantidade resultante imputarase ao crédito dispoñible da aplicación sinalada no artigo 6 desta orde, de acordo co que se dispoña no citado convenio de colaboración.

Terceira.-O réxime de axudas regulado nesta orde sométese ao Regulamento (CE) nº 875/2007, do 24 de xullo, relativo á aplicación dos artigos 87 e 88 do Tratado CE ás axudas de *minimis* no sector pesqueiro, polo que serán de aplicación os seguintes requisitos:

a) A axuda total de *minimis* concedida a unha empresa determinada non pode ser superior a 30.000 € durante calquera período de tres exercicios fiscais.

b) Antes de conceder a axuda solicitarase da empresa unha declaración escrita ou en soporte electrónico, sobre calquera outra axuda de *minimis* recibida durante os dous exercicios fiscais anteriores e durante o exercicio fiscal en curso (anexo V).

c) Informarase por escrito aos beneficiarios sobre o importe da axuda (expresado en equivalente bruto de subvención) e sobre o seu carácter de *minimis*, facendo referencia expresa ao Regulamento (CE) nº 875/2007.

Cuarta.-En todo o non previsto nesta orde observase o disposto na Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, no Decreto 287/2000, do 21 de novembro, polo que se desenvolve o réxime de axudas e subvencións públicas da Comunidade Autónoma de Galicia, no que non se opoña ao establecido na Lei 9/2007, e nos preceptos básicos da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

Disposicións derradeiras

Primeira.-Facúltase o secretario xeral para que dite as resolucións necesarias para o desenvolvemento e aplicación desta orde.

Segunda.-Esta orde producirá efectos a partir do día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 21 de outubro de 2008.

Carmen Gallego Calvar
Conselleira de Pesca e Asuntos Marítimos



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE PESCA
E ASUNTOS MARÍTIMOS

ANEXO I

PROCEDEMENTO AXUDAS PARA A SUBSCRICIÓN DUN SEGURO POR CONDICIÓNS CLIMATOLÓXICAS ADVERSAS	CÓDIGO DO PROCEDEMENTO PE153A	DOCUMENTO SOLICITUDE
--	---	--------------------------------

DATOS DO SOLICITANTE

NOME E APELIDOS		NIF	
ENDEREZO	PROVINCIA	CONCELLO	
LOCALIDADE	CÓDIGO POSTAL	TELÉFONO	FAX

Na súa representación

NOME E APELIDOS		DNI	
ENDEREZO	PROVINCIA	CONCELLO	
LOCALIDADE	CÓDIGO POSTAL	TELÉFONO	FAX

OBJECTO

ENTIDADE ASEGURADORA	IMPORTE PRIMA ANUAL
	0,00 €

DECLARO: que reúno todos os requisitos da convocatoria.

ACEPTO: o compromiso de someterme ás normas da convocatoria e facilitar a información e documentación que se solicite.

AUTORIZO: o órgano xestor para solicitar dos organismos competentes os certificados de estar ao día nas obrigas tributarias co Estado, coa Comunidade Autónoma de Galicia e coa Seguridade Social e de non ter débedas pendentes de pagamento coa Xunta de Galicia. Non obstante, se por razóns técnicas ou doutra índole estes certificados non puidesen ser obtidos, poderán serme requiridos.

AUTORIZO: de conformidade co artigo 13.4º da Lei 4/2006, do 30 de xuño, de transparencia e boas prácticas na Administración pública galega, a consellería publicará na súa páxina web oficial a relación de beneficiarios e o importe das axudas concedidas, polo que a presentación da solicitude leva implícita a autorización para o tratamento necesario dos datos dos beneficiarios e a súa publicación na páxina web.

DOCUMENTACIÓN QUE SE ACHEGA

- ☐ Documento nacional de identidade do asinante da solicitude.
- ☐ Tarxeta de identificación fiscal da entidade asociativa do sector solicitante.
- ☐ Certificación do órgano competente en que se especifique o acordo polo que se lle concede autorización para formalizar a solicitude ao solicitante.
- ☐ Declaración de non ser beneficiario de ningunha outra axuda para a mesma finalidade (anexo II).
- ☐ Declaración responsable de non estar incurso en prohibición para obter a condición de beneficiario de subvencións (anexo III)
- ☐ Autorización expresa á Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos de pagamento da axuda á entidade aseguradora/colaboradora (anexo IV)

Quen abaixo asina DECLARA QUE: lle presta expresamente o seu consentimento á consellería para que, de acordo co establecido nos números 3º e 4º do artigo 13 da Lei 4/2006, do 30 de xuño, de transparencia e de boas prácticas na Administración pública, e no Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006, publique as subvencións concedidas ao abeiro desta orde no *Diario Oficial de Galicia*, na súa páxina web oficial e nos rexistros públicos referidos, con expresión da entidade beneficiaria, a contía e a súa finalidade, na forma que determine o órgano competente.

LEXISLACIÓN APLICABLE <i>Orde do 21 de outubro de 2008 pola que se convocan as axudas para a subscripción dun seguro de indemnización diaria en caso de paralización e perda da produción por condicións climatolóxicas adversas no sector pesqueiro e marisqueiro de Galicia.</i>	(Para cubrir pola Administración) RECIBIDO REVISADO E CONFORME 	NÚMERO DE EXPEDIENTE
SINATURA DO SOLICITANTE OU PERSOA QUE O REPRESENTA <i>Lugar e data</i> de de 200		DATA DE ENTRADA ____/____/____ DATA DE EFECTOS ____/____/____ DATA DE SAÍDA ____/____/____



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE PESCA
E ASUNTOS MARÍTIMOS

ANEXO II**DECLARACIÓN SOBRE OUTRAS AXUDAS OU PRESTACIÓNS**

representante da entidade asociativa do sector	
solicitante das axudas reguladas na Orde do	
DECLARO BAIXO A MIÑA RESPONSABILIDADE QUE A ENTIDADE QUE REPRESENTO:	
☐ Nin solicitou nin se lle concedeu ningunha outra axuda para este mesmo suposto.	
<i>Lugar e data</i>	
	, de de 200
Sinatura:	



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE PESCA
E ASUNTOS MARÍTIMOS

ANEXO III**DECLARACIÓN RESPONSABLE DE NON ESTAR INCURSO EN PROHIBICIÓN PARA OBTENIR A CONDICIÓN DE BENEFICIARIO DE SUBVENCIONES.**

representante da entidade asociativa do sector	
solicitante das axudas reguladas na Orde do	
DECLARO, BAIXO A MIÑA RESPONSABILIDADE:	
Que non estou incurso/a en ningún dos supostos da Lei 12/1995, do 11 de maio, de incompatibilidades dos membros do Goberno da nación e dos altos cargos da Administración xeral do Estado, da Lei 53/1984, do 26 de decembro, de incompatibilidades do persoal ao servizo das administracións públicas, nin desempeño ningún dos cargos electivos regulados na Lei orgánica 5/1985, do 19 de xuño, do réxime electoral xeral	
E QUE A ENTIDADE QUE REPRESENTO:	
Non está incurso en ningunha circunstancia que a inhabilite para ser beneficiaria de axudas e subvencións e, en particular:	
-Non foi condenada mediante sentenza firme á pena de perda da posibilidade de obter subvencións e axudas públicas. -Non solicitou a declaración de concurso nin se atopa en tal situación, non foi declarada insolvente, non está suxeita a intervención xudicial nin foi inhabilitada conforme a Lei concursal sen que concluíse o período de inhabilitación fixado na sentenza de cualificación do concurso. -Non deu lugar, por causa de que fose declarada culpable, á resolución firme de calquera contrato suscrito coa Administración -Non foi sancionada mediante resolución firme coa perda da posibilidade de obter subvencións segundo a Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, ou a Lei xeral tributaria.	
<i>Lugar e data</i>	
	, de de 200
Asinado:	



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE PESCA
E ASUNTOS MARÍTIMOS

ANEXO IV

,
representante da entidade asociativa do sector ,
solicitante das axudas reguladas na Orde do

AUTORIZO DE XEITO EXPRESO A CONSELLERÍA DE PESCA E ASUNTOS MARÍTIMOS AO PAGAMENTO DA AXUDA Á ENTIDADE ASEGURADORA/COLABORADORA SINALADA NO ANEXO I.

Lugar e data

, de de 200

Asinado:



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE PESCA
E ASUNTOS MARÍTIMOS

ANEXO V

DECLARACIÓN RESPONSABLE DE AXUDAS OBTIDAS BAIXO O RÉXIME DE MINIMIS

			DNI
REPRESENTANTE DA ENTIDADE ASOCIATIVA DO SECTOR			
De acordo co establecido na orde do , pola que se convocan as axudas para a subscrición dun seguro de indemnización diaria no caso de paralización e perda da produción por condicións climatolóxicas adversas no sector pesqueiro e marisqueiro de Galicia, declaro que as unidades produtivas desta entidade adheridas ao referido seguro:			
☐ Non obtiveron ningún tipo de axuda suxeita ao réxime de <i>minimis</i>, nin no exercicio fiscal en curso, nin nos dous exercicios fiscais anteriores á solicitude desta subvención.			
☐ Si obtiveron as seguintes axudas suxeitas ao réxime de <i>minimis</i> nos últimos tres anos, que son as que figuran a continuación:			
UNIDADE PRODUTIVA (BUQUE)	ORGANISMO OUTORGANTE	OBXECTO DA AXUDA	IMPORTE

E para que así conste, para os efectos oportunos, asino esta declaración:

Lugar e data

, de de 200

Sinatura